

## Acta da Sesión Ordinaria do Consello do Departamento de Comunicación Audiovisual e Publicidade, de 13 de xullo de 2022

### LISTA DE ASISTENTES

Ana María Amorós Pons  
Beatriz Legerén Lago  
Alberto Dafonte  
Emma Torres Romay  
Javier Abuín Penas  
Jose Ruas Araújo  
María Isabel Míguez González  
Oswaldo García Crespo  
Silvia García Mirón  
Talia Rodríguez Martelo  
Julia Fontenla Pedreira  
Jorge Lens Leiva  
Julinda Molares Cardoso  
Alberto Pena Rodríguez  
Xosé Manuel Baamonde Silva  
Xabier Martínez Rolán  
Paulino Pérez Feijóo

### DESCULPAN A SÚA AUSENCIA

Carmen Máiz, Vicente Badenes, Juan Manuel Corbacho, Miguel Anxo Fernández, Cármen López de Aguilera Clemente, Ana Belén Fernández Souto, Jose Manuel López, Roman Pereiro, Isabel Moreira Recamán (por comisión noutro servizo)

Acta da sesión ordinaria do Consello de Departamento de Comunicación Audiovisual e Publicidade da Universidade de Vigo que tivo lugar o mércores 13 de xullo ás 13:00 horas en primeira convocatoria e as 13:30 horas en segunda convocatoria na Salón de Graos da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación

### ORDE DO DÍA

1.- Aprobación, se procede, das actas da sesión ordinaria de 03 de maio de 2022, e da sesión extraordinaria de 09 de maio de 2022.  
Apróbanse por asentimento

## 2.- Informe do director.

- Parabéns aos profesores que obtiveron sexenio nesta última convocatoria, Silvia García Mirón, Carmen López de Aguilera, Xabier Rolán, Iván Puentes, Mónica Valderrama, Oswaldo García e Diana Ramahí.
- Parabéns á profesora Julinda Molares polo seu nomeamento como directora da Área de Imaxe da UVigo.
- Atópase aberta a beca para solicitude de un becario para o departamento de CAV. A bolsa cesante subirá o vídeo que fixo en breves datas. O director remarca que a becaria do departamento é para todos os profesores do departamento nas labores que precisen. O principal requisito é unha media de 7,7 que estean en 4º curso de grao ou en calquera dos dous master.
- En breve enviarase unha convocatoria dunha beca FEUGA para Citroen para informar os alumnos.
- O próximo ano 2023 o xoves 15 e venres 16 de xuño celebrarase o Doctoralia da AEIC na facultade. Aproveitarase para facer unha xornada de comunicación política o día anterior. O decano solicita una creación dunha comisión integrada por distintos membros do consello para xestionar ambos actos.
- Cada vez contamos con máis docentes debido á implicación do departamento en diversos cursos, master, etc. Na actualidade somos 42 profesores, o ideal será chegar aos 50.
- A partir de setembro seremos unha única facultade, xa que a área de Dirección e Xestión Pública acadou o grao en Facultade.
- O Doutoramento de Comunicación. Falouse cos responsables do mesmo pero non mostraron receptividade á integración dos membros do noso departamento no programa. Debátese sobre o tema. Volveremos a falar con eles en setembro.
- Temos en curso varias prazas que deben resolverse con axilidade xa que implican docencia no primeiro cuadrimestre.
- O director mantén a súa postura acerca de saída de prazas estables aos docentes que se acrediten.
- Resposta do Decanato ao escrito do departamento de Comunicación Audiovisual e Publicidade ao escrito remitido pola secretaria do mesmo a petición da profesora Ana Amorós. *Axúntase como anexo.*

## 3.- Aprobación, se procede, da proposta de modificación de POD para o curso 2022-23.

Dende a aprobación do POD o 5 de maio, presentáronse varias incidencias que obrigan a facer cambios no mesmo.

En primeiro lugar o Grao de Deseño non comeza o curso 2022-23 o que implica un cambio de POD.



En segundo, debido a cuestións administrativas. No momento de consultar Xescampus para facer o POD a data de 4 de maio de 2022 a materia, **G071306 Deseño Dixital: Expresión gráfica e motion graphics**, atopábase no segundo cuadrimestre. Polo que se fixo o POD sen problemas, asignando parte de esa materia o profesor Luís Emilio Fernández e deixando unha parte para una praza de asociado.

Con data 1 de xuño cando comezouse o trámite para a saída das prazas de asociados e asignación dos docentes as diferentes materias, a materia **G071306 Deseño Dixital: Expresión gráfica e motion graphics** aparece no primeiro cuadrimestre en Xescampus, tal como consta na memoria da materia.

Este cambio de cuadrimestre provocou que a praza de asociado na que estaba parte da materia, excedía nas horas permitidas para ser impartida por un profesor asociado nun cuadrimestre o mesmo que no caso do docente Luís Emilio Fernández. A maiores, esta e unha materia que precisa un perfil moi concreto polo que foi necesario facer un cambio no POD, quedando o mesmo da seguinte forma.

### Praza de asociado de CAV no que estaba a materia

ASOCIADO CAV (1)			P04- G070702	Posproducción audiovisual	OB	1SG	7,5	37,5	0
	P6	90	P04- G071302	Posproducción I	OB	1SG	7,5	37,5	0
			TOTAL:				90		

### Docencia de Luís Emilio Fernández Santiago

36088344X	Fernández Santiago, Luis Emilio	A3	P6	180	0	V05- G301420	Producción audiovisual CGI	OP	1SG	21	14	14
						P04- G070702	Posproducción audiovisual	OB	1SG	15	30	0
						P04- G071302	Posproducción I	OB	1SG	15	30	
						P04- G071208	Expresión sonora	OB	2SG	15	0	0
						P04- G071210	Deseño e desenvolvemento de produtos interactivos	OB	2SG	13,5	13	0
						TOTAL:				180,5		
						Capacidade restante:				-0,5		

Docente que cambian as materias que tiñan en POD. Fortunato Rodríguez

34921103L	Rodríguez Fernández, Fortunato	TU	TC	260	44	M176202	Infografía e visualización de datos	OB	2C	2			
						P04- G071210	Deseño e desenvolvemento de produtos interactivos	OB	2SG	0	54,5	0	
						P04- G071103	Comunicación: Teoría e técnica da imaxe	FB	1SG	22,5	67,5	0	
						P04- G071109	Teoría e técnica cinematográfica	OB	2SG	30	0	0	
						P04- G071306	Deseño dixital: Expresión gráfica e motion graphics	OP	1SG	12,5	25	0	
						<b>TOTAL:</b>				<b>214</b>			
						<b>Capacidade restante:</b>				<b>2</b>			

Por outra parte o nomeamento da profesora Julinda Molares Cardoso como Directora da Área de Imaxe implica que deixa 75 horas da materia "Publicidade Artes Gráfica e Tipografía". Horas que pasarán á lista de agarda.

O profesor Xosé Baamonde solicita aparecer como coordinador da materia "Técnicas de propaganda política" xa que e aínda que ten menos tempo de docencia na materia é o docente a tempo completo da mesma.

Os cambios Apróbanse por asentimento

#### 4.- Aprobación, se procede, e validación dos horarios de titorías correspondentes ao curso 2022-2023.

O director informa que se vai a proceder a aprobación provisional dos horarios de titorías, que será ratificada no próximo consello de departamento.

Solicita que o venres 22 todos os docentes teñan actualizadas as súas titorías do primeiro cuadrimestre.

#### 5.- Aprobación, se procede, da revisión da cualificación presentada por seis estudantes da materia Guión, produción e realización de ficción de terceiro curso do Grao en Comunicación Audiovisual e Publicidade.

Trasládouse unha QSP por parte dun grupo de alumnos solicitando a revisión da súa avaliación por parte dun tribunal de avaliadores diferentes aos docentes da materia.

O tribunal propostó é:

Miguel Anxo Fernández (crítico de cine e director artístico), Oswaldo García Crespo (post produción e novos formatos) e Xosé Manuel López (guionista e crítico de cine)



O novo tribunal deberá facer un informe que enviará ao departamento cunha cualificación de 0 a 10 tomando como base a Guía docente.

Apróbanse

## 6.- Aprobación, se procede, de asuntos de profesorado.

Dous profesores do departamento solicitan estadias de investigación.

- Dña. Julia Fontenla en Ecuador do 1/8 o 15/9 de 2022
- D. Alberto Pena 1/9 a 30/ 11 do 2023

## 7.- Rolda de intervencións.

Non hai.

Sen nada mais que tratar, péchase a sesión ás 14:32

Pontevedra 13 de xullo do 2022

O director do deptº

José Rúas Araújo



Secretaria do dptº

Beatriz Legerén Lago